

## **X Xornadas Científicas e Profesionais de Tremédica e AGPTI**

### **Programa**

#### **Xoves 3 de abril**

15.15 – 16.15 Recepción de asistentes e acreditacións

16.15 – 17.00 Apertura e presentación de Tremédica e AGPTI

17.00 – 20.00 Conferencias

**Rodolfo Maslias** (director de TermCoord, Parlamento UE)

**Título:** Terminology in the Area of Communication and Coining Medical Terminology in the Web (conferencia)

**Resumo:** Presentation of terminology management in the multilingual and multinational EU, which provides 80% of the national legislation of 28 countries. Terminology management serves some 5000 translators and interpreters, working in 24 languages, across ten institutions and 58 specialised agencies, and is needed in order to ensure the linguistic consistency of legislative procedures which are drawn up in a process that makes use of translation and interpretation in 552 possible linguistic combinations. TermCoord undertakes this highly important and complex institutional task, while also giving regard to the requirements and benefits of global communication, the evolution of academic research in the field of terminology and the development of IT tools to aid and complement linguistic work. Communication about EU Terminology takes place on three levels: (1) internally, (2) among the 10 EU Institutions managing the IATE database and (3) organisations like the UN and NGOs, universities, research centres, etc.

We will also explore how European terminological resources can help medical translators and interpreters. We will also focus on the need for an ontological approach in the construction and taxonomy of terminological databases in the multidisciplinary and wide domain of Health.

**Xusto Rodríguez Ríó** (Servizo Normalización Lingüística da USC)

**Título:** bUSCatermos: a terminoloxía biomédica galega a un clic de distancia (conferencia)

**Resumo:** O obxectivo da intervención será presentar —especialmente ao público que non é galego— bUSCatermos, o banco de datos terminolóxicos da Universidade de Santiago de Compostela.

Trátase dunha base de datos accesible a través de internet que permite consultar un corpus terminolóxico multilingüe —aínda que centrado no galego— de máis de 155.000 rexistros, dos cales aproximadamente un terzo pertencen ao ámbito das ciencias da saúde e as áreas afíns.

bUSCatermos coñécese ben entre os tradutores que teñen o galego como unha das súas linguas de traballo, pero parécenos interesante dalo a coñecer tamén entre quen traballa con outras combinacións lingüísticas, xa que pode resultar de utilidade.

#### **Venres 4 abril**

10.00 – 14.00 Conferencia e obradoiros

15.30 – 19.30 Conferencia e comunicacións

**Bertha Gutiérrez Rodilla** (presidenta de Tremédica, USAL)

**Título:** A linguaxe da medicina en español: como chegamos ata aquí e que futuro nos agarda (conferencia)

**Resumo:** A linguaxe española da medicina pasou por diversas vicisitudes desde a aparición dos primeiros textos médicos en castelán a finais do medievo ata o presente. Durante ese tempo os períodos de gran brillantez conxugáronse con outros moi delicados, como os sufridos durante os séculos XIX e XX, a causa da gran presión exercida polas linguas francesa e inglesa, respectivamente. Tras efectuar unha breve revisión dese percorrido, intentaremos analizar algunhas das posibilidades que se lle presentan ao español para non perder definitivamente o estatus de lingua de transmisión da medicina nun contexto hexemónico do inglés como o actual.

**José Antonio de la Riva Fort** (editor, tradutor e escritor)

**Título:** Exame fisiolóxico e anatómico dos proxectos de tradución médica para a industria editorial (obradoiro)

**Resumo:** A idea de fondo é resaltar algunhas das particularidades da produción de obras médicas dentro do universo da tradución médica. A presentación constará de dúas partes. Na primeira, abordarei as funcións e a difícil interacción dos diversos profesionais implicados na elaboración de obras de tradución médica (tradutores, revisores, correctores e artistas gráficos). Na segunda, analizarei a estrutura dun libro de texto e tratarei algúns dos aspectos máis problemáticos das súas distintas partes, desde os preliminares (portadiña, portada, páxina de créditos, prólogo, prefacio, índice de capítulos, etc.) ata o índice alfabético de materias.

**Lorenzo Gallego Borghini** (tradutor autónomo especializado en medicina e farmacia)

**Título:** A tradución dos consentimentos informados en investigación clínica: obxeccións dos comités éticos e implicacións para o traballo do tradutor (obradoiro)

**Resumo:** O documento de consentimento informado, un dos piares da bioética, é unha peza clave da investigación clínica e constitúe un encargo moi habitual para o tradutor especializado neste campo.

Na primeira parte analizaremos un corpus de solicitudes de aclaracións de comités éticos (CEIC) para coñecer que obxeccións presentan ás traducións dos documentos de consentimento informado e que implicacións teñen estas obxeccións para o traballo tradutor.

A segunda parte estruturarase en forma de obradoiro práctico e consistirá na tradución do inglés ao castelán dalgúns fragmentos destes documentos.

**João Roque Dias** (enxeñeiro e tradutor técnico)

**Título:** Translator ➔ Client ➔ Money

But not necessarily in that order (conferencia)

**Resumo:** Young – and not so young – translators look at this sequence of events as the perfect chain that will make them get to the last link, the money.

The hard reality – not taught in Translation schools – is that translators need money, and time, to get the resources they need to attract clients (and their money). Internal resources, like education and knowledge, and external resources, such as computers and all the paraphernalia that they need to work.

This loop will continue on in an endless manner and, we'll be able to see that our profession follows a different sequence of events: Translator (+ Money + Time) ➔ Client (+ Money) ➔ Money ➔ Translator. JFK was right when he said his famous words: "Ask not what you should charge for your translation. Start by asking how much it will cost you to make the translation".

## Comunicacións

**Maribel Tercedor Sánchez, Clara Inés López Rodríguez e Juan Antonio Prieto Velasco**

**Título:** Terminoloxía para pacientes: retos do proxecto VariMed

**Resumo:** O proxecto VariMed nace co fin de estudar a motivación cognitiva e comunicativa da variación denominativa no campo de atención á saúde, desde a premisa de que o coñecemento é situado e corporeizado (e.g. Barsalou 2003; Connell, Lynott and Dreyer 2012:1) e estas características transcenden as denominacións dos conceptos. Nesta presentación explicamos os retos de recoller terminoloxía médica nun proxecto terminográfico como VariMed, facendo fincapé na perspectiva cognitiva da variación e como se reflicta esta na información multimodal para o paciente.

**Palabras clave:** terminoloxía, base de coñecemento, variación.

**Teresa Alegre y Katrin Herget**

**Título:** Grupos nominais expandidos na linguagem médica alemã e respetivos equivalentes em português

**Resumo:** A formação de tradutores especializados nas universidades portuguesas tem vindo a crescer e a ganhar importância nos últimos anos. Esta tendência reflete-se em currículos específicos de cursos de 2º Ciclo, que envolvem um vasto leque de disciplinas para formação dos futuros tradutores em domínios como a tradução médica ou a tradução jurídica. No curso de mestrado em Tradução Especializada na Universidade de Aveiro os estudantes adquirem conhecimentos especializados na área da saúde e ciências da vida, sendo relevante a aquisição de competências de tradução em diferentes géneros textuais.

A tradução de textos científicos, nomeadamente de artigos de investigação do domínio da medicina, representa um desafio para o tradutor, devido à sua estrutura sintática característica. Uma dessas características diz respeito às estruturas de compressão sintática, típicas da língua alemã, tal como os grupos nominais expandidos. No nosso estudo iremos analisar diferentes tipos de atributos, como os adjetivos participiais que são muito frequentes nos textos científicos (p.ex. systemisch wirkende Medikamente, bildgebende Verfahren, darstellbare steroidinduzierte kondyläre Wachstumsstörungen) e encontrar equivalentes adequados em português. O objetivo desta análise é de produzir um leque de materiais que ajude os alunos a identificar e a compreender esta estrutura sintática, tornando-os mais conscientes das diferentes possibilidades de tradução.

**Palabras clave:** Tradução Especializada, grupos nominais expandidos, atributos, adjetivos participiais alemães.

**Lisette Segovia Zuñiga**

**Título:** A lexicoloxía como competencia tradutora necesaria para a tradución de textos técnico-científicos médicos

**Resumo:** A nosa investigación analiza a importancia da lexicoloxía, como competencia tradutora, y como esta serve de ferramenta para a tradución de textos técnicos-científicos médicos. Para levar a cabo esta análise, utilizouse un deseño semi-experimental, a través da identificación e análise dos elementos lexicolóxicos en textos científicos médicos. Así mesmo, buscouse coñecer as características dos textos técnico-científicos co fin de determinar a importancia da lexicoloxía na entrega de ferramentas necesarias para afrontar este tipo de textos, xa que existen factores implicados, tales como, terminoloxía especializada, formación de palabras e etimoloxía; todas elas, áreas de estudo exclusivas da Lexicoloxía.

A nosa investigación xurde como unha necesidade para determinar a maneira mediante a cal os tradutores superan as dificultades que se presentan nos textos técnicos-científicos médicos, así como tamén para definir cales son os coñecementos que esixe este campo, todo isto co fin de entregar unha mellor e máis fidedigna tradución.

**Palabras clave:** lexicoloxía, competencia tradutora, texto técnico-científico, tradución científica, discurso científico.

**María Carreras e Mónica Savoca**

**Título:** Cuestións de xénero na tradución de textos científicos sobre reprodución asistida

**Resumo:** Na tradución ao español de artigos científicos redactados en italiano sobre reprodución asistida cómpre ter en conta un enfoque de xénero totalmente ignorado nos textos orixinais. Os estudantes italianos adoitan descoñecer a sensibilidade española cara ás cuestións de xénero, e hai que facer un labor moi importante na aula para lograr que se respecten os parámetros culturais actuais da nosa lingua. Con esta comunicación queremos comentar as diferenzas culturais con respecto ao xénero que emerxen da lectura e comparación de artigos científicos publicados en revistas especializadas en italiano e en español, centrándonos nun sector como o da reprodución asistida, onde o destinatario dos tratamentos é, a cotío, a muller. Comparación cuxa finalidade é a sensibilización dos estudantes de tradución técnico-científica, que tanto pensan nas TIC e tan pouco en documentarse culturalmente.

**Palabras clave:** tradución, artigos científicos, reprodución asistida, xénero, italiano > español.

**Fernando Vidal Carballido**

**Título:** Ferramentas informáticas para a tradución de textos médicos: utilidades de memoQ

**Resumo:** Se ben o campo da tradución asistida por ordenador (TAO) está claramente dominado por SDL Trados, existen outras ferramentas alternativas que poden ofrecernos uns resultados similares e incluso mellores. Nesta comunicación presentaranse brevemente as principais utilidades do programa memoQ a través dun exemplo práctico. Utilizarase como mostra a tradución da ficha técnica dun medicamento, empregando como material de referencia os patróns publicados pola Axencia Europea de Medicamentos, e presentaranse funcións como o aliñado automático, a memoria de tradución, a base de datos terminolóxica e a ferramenta integrada de busca en distintos recursos en liña. Pola súa extensión, esta comunicación non será suficiente para aprender a manexar todas as opcións que ofrece memoQ, pero non é este o seu obxectivo senón que o tradutor médico coñeza os seus aspectos básicos e poida valorar se esta ferramenta podería satisfacer as súas necesidades dun modo máis eficaz que outras alternativas.

**Palabras clave:** TAO, memoQ, Trados, memoria de tradución, ficha técnica, EMA, medicamento.

**Teresa Miret-Mestre**

**Título:** A denominación das profesións sanitarias en masculino e feminino: cuestión de xénero ou de sexo?

**Resumo:** Nos últimos anos, a crecente feminización das profesións sanitarias levou á necesidade de visibilizar a presenza das mulleres en postos de traballo e cargos que tradicionalmente desempeñaran os homes. O uso do masculino xenérico está, pois, moi estendido. Agora been, pódese e debería cambiar o actual estado da cuestión? Nese caso, cara onde habería que dirixir os esforzos? ¿É unha cuestión de xénero ou de sexo?

A través do que nos din os dicionarios, tanto xerais como especializados, e as guías para un uso non sexista da linguaxe, veremos ata que punto se pode representar o sector feminino dentro

da linguaxe médica, centrándonos sobre todo na denominación das profesións sanitarias cando son desempeñadas por mulleres.

Pero existe, ademais, outro problema: como denominar aos homes que exercen traballos ou ocupan cargos tradicionalmente considerados femininos. É o caso dos varóns que asisten nun parto, por exemplo. Seguindo o mesmo método anterior, intentaremos mostrar as distintas prácticas existentes e atopar a solución máis adecuada. Segundo o noso entender, a linguaxe médica debería adaptarse á realidade, sempre respectando a sensibilidade de ambos os sexos.

Palabras clave: profesións sanitarias, masculino xenérico, uso non sexista da linguaxe, linguaxe médica.

### **Anna Romero**

**Título:** A importancia dos documentos oficiais na tradución: o exemplo de la veterinaria

**Resumo:** Entregar traducións de calidade nas que tanto a terminoloxía como o contido especializado están coidadosamente traballados é, sen lugar a dúbidas, un requisito imprescindible para transitar con éxito no campo da tradución en ciencias da saúde. No entanto, é fundamental tamén que o tradutor especializado coñeza o mercado no que traballa e, en concreto, as referencias e documentos oficiais que rexen o día a día dos seus clientes. Estes documentos normativos ditan en moitas ocasións a terminoloxía e o redactado de certos apartados e vocablos, polo que iniciar un traballo sen coñecer estas referencias xerará inevitablemente problemas no texto final. O obxectivo desta charla é presentar varios destes documentos do sector da veterinaria, desde o exemplo dos textos farmacéuticos veterinarios aos regulamentos e directivas vixentes no campo da nutrición animal e os biocidas.

Palabras clave: documentos oficiais, veterinaria, farmacia, nutrición, biocidas.

### **Sábado 5 de abril**

10.00 – 13.30 Conferencia e mesa redonda

13.30 – 13.50 Clausura

### **Fernando Navarro** (médico e tradutor médico)

**Título:** Linguaxe médico: It's all Greek to me! (grego e latín en inglés e español) (conferencia)

**Resumo:** En inglés como en español, calcúlase que máis do 90 % dos tecnicismos empregados en medicina e outras disciplinas afíns corresponden a termos grecolatinos. Non é cuestión de pedir a todo tradutor médico un doutoramento universitario en filoloxía clásica, desde logo, pero si que coñeza as diferenzas máis importantes en canto ao modo en que as nosas linguas de traballo reflicten esta herdanza grecolatina. Porque a forma en que incorporamos os tecnicismos gregos e latinos tanto ao discurso especializado como ao discurso xeral é

radicalmente distinta en inglés e en español. E non parece posible exercer de forma eficaz a tradución médica sen coñecer medianamente ben estas diferenzas.

## **Mesa redonda sobre a interpretación simultánea no ámbito sanitario e a situación da interpretación sociosanitaria.**

**Coordina:** Lara Santos (tradutora e intérprete)

### **Participan:**

Susana Piñón (intérprete de conferencias)

Michael Skinner (intérprete de conferencias)

Luis Alonso (profesor de interpretación na Universidade de Vigo)

Anthony John Rostron (profesor da Escola Universitaria de Enfermería do Hospital do Meixoeiro e tradutor e intérprete do CHUVI)